

PLAN LECTOR TAMBRE

ALA DELTA




Casas

Paula Carballeira

Ilustracións
Minia Regos

antes da lectura

1 Observa a cuberta e responde.



Que cres que aparece na portada? Que é?

Como é a túa casa? Vives nun edificio ou nunha casa unifamiliar?

Cantos tipos de casas podes ver?

2 Le a contracuberta do libro e responde.

Quen é o autor do libro? A que se dedica?

Quen é o ilustrador?

A que se dedica a autora ademais de contar contos?

Que xéneros interpreta ademais de narrativa?


Cres que serías capaz de contar un conto diante de moita xente?
Coidas que é doado ou difícil?

Con que teñen relación as historias que se contan no libro?

3

Localiza as partes da casa ás que corresponden as palabras.

valado balcón poxigo porta fiestra tellado
timbre contraventá cheminea canlón cancela



durante a lectura

1 **Contesta.**

Que lle ocorre á casa do primeiro relato do libro? Que é o que quere? Como soluciona a dona o problema da casa?

En «Coa casa ás costas» cal é o animal que aparece? Como se chama?

Que vantaxes ten levar a casa ás costas?

Que fai o príncipe en «A casa abandonada» mentres a princesa dorme?

Namora del a princesa?

Que árbore escolle o home en «A casa-niño» para construír a súa vivenda? Sabes que produto do cotián se extrae das sobreiras?

Que quería aquel home? Como conseguiu a felicidade verdadeira?

Onde está exactamente Casa Amparo?

Se es educado e limpo, que comida che fai a señora Amparo? Cando espertas, despois de durmir en Casa Amparo, onde é que apareces?

Que consellos lle dá a nai ao rapaz todas as mañás?

Con que confunde a liberdade o cuco?

Es preguiceiro?

durante a lectura

- 2 **Agrupar** e **ordenar** as sílabas de cada cor ata formar sete palabras distintas.

ÑO	BA	GAS	CO	RRER	LAN	CI
VA	ME	TI	HAI	LLO	MA	XO
TOU	XE	A	LA	LÍ	CÓ	RU

- 3 **Acentúa** as palabras que precisan acento gráfico e **clasifícaas** segundo sexan agudas, graves ou esdrúxulas.

asi princesa arbore sofa compre unico pe
guedelludo telefono irma ben pola
arabe tartaruga humido venta niño principe

AGUDAS	GRAVES	ESDRÚXULAS

4 **Define** as palabras subliñadas no texto e **fai** unha oración con cada unha delas.

Cando a princesa abriu os ollos despois de sentir cóxegas nos labios, viu, entre o escintilar da casa acabadiña de limpar, un rapaz co cabelo revoltado. Gustoulle a súa pel manchada, a roña das súas unllas, ese descoido da roupa sucia e rota. Ante un príncipe así, non é raro que a princesa sentise o amor por primeira vez.

_____ :

_____ :

_____ :

_____ :

_____ :

_____ :

_____ :

_____ :

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

durante a lectura

5 Completa os espazos para formar as palabras.

___ARRER

MIGA___AS

___IA___E

___APATOS

___E___AGAR

GAI___OTA

EN___OLTA

___ECI___O

OR___A___O

TATA___E___AR

___ARU___O

SO___REI___A

TI___OLA

FER___ER

DE___LEI___ADA

CAN___A___O

___A___OIRA

MEI___ELA

E___IRRAR

DU___IDAR

6 Atopa as sete palabras no encrucillado.

AMORODO LADAÍÑA RABUÑAR CUSPE
MARMELADA GUEDELLUDO MIGALLAS


A	B	O	O	M	M	L	M	S	M
Ñ	V	A	D	L	G	I	T	Ñ	A
I	B	L	U	O	G	B	P	M	R
A	G	X	L	A	R	F	O	B	M
D	H	B	L	G	Z	O	X	L	E
A	T	L	E	O	D	E	M	A	L
L	A	G	D	Q	P	O	Z	A	A
S	T	M	E	S	L	L	H	E	D
R	A	Ñ	U	B	A	R	L	D	A
L	V	C	G	X	X	B	A	Z	Z

- 7 **Sinala** cinco substantivos e cinco verbos no seguinte texto.

Á mañá seguinte acordas a carón dun camiño, moi preto da túa casa. Primeiro pensas que todo foi un soño, pero aínda tes na boca o sabor da comida, aínda tes nas orellas a música do violín, aínda tes a pel limpa polo baño, sabes que estiveches en Casa Amparo. Isto é o que contan as persoas que tiveron a sorte de coñecer a señora Amparo.

- 8 **Debuxa** a túa casa.

- 9 **Escribe** nas chamadas o que é cada cousa.



durante a lectura

1 **Contesta.**

Que lle fixo a Avoa lagá á súa casa?

Por que a xente estaba asustada ao pasar coa casa?

Que fai a Avoa lagá nas noites de lúa chea?

Como son as casas do Xapón?

Que non hai con paredes de pedra ou de madeira?

Quen construíu a casa de ladrillo? Cantos cuartos tiña?

Que comezou a sentir o porquiño cando ía rematando a casa?
Que botaba de menos?

Que fixo ao final?

Que é unha haima?

Que parecen as dunas do deserto?

En que tipo de casa vive a familia Espiñeira? E en que cidade?

De que material están feitos os iglús? Como se lles chama aos habitantes dos iglús?

Que lle regalou Elisa ao seu irmán Manuel?

Onde sentía ruído Manuel polas noites?

Que lle aconteceu ao gato?


Que era o que sucedía?

Que fixo cando marchou da casa?

durante a lectura

- 2 Gústanche as bonecas? Cres que os nenos non deben xogar con elas? Que farías se descubrires que no faiado da túa casa as bonecas danzan ao seu antollo. **Escribe** unha pequena redacción.

- 3 **Escribe** nas chamadas as palabras relacionadas co salón.



4

Busca no dicionario as seguintes palabras e **fai** unha oración con cada unha.

Miúdo: _____

Sarampelo: _____

Gargallada: _____

Folerpa: _____

Chiscar: _____

Preguiza: _____

Gaiola: _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

durante a lectura


5 **Debuxa** unha casa-haima e **describea**.



6 **Pon** «b» ou «v» onde sexa preciso.

Na cidade de ____ilafranca hai rúas cheas de edificios, tan altos que fan som____ra sobre os coches, os camiñantes e as ár____ores que ____ixían o tráfico. Tamén hai algunhas casas, ____ellas e no____as, grandes e pequenas, alegres e tristes. Hai ____arios hoteis á ____eira do mar e algúns terreos esquecidos onde alguén planta de cando en ____ez algunhas leitugas, algúns tomates, algunha ce____ola. Nun deses terreos esquecidos pola cidade de ____ilafranca hai un to____o, un to____o enorme.

7 **Interpreta** a imaxe e **explica** a que capítulo corresponde.



8 **Completa** o texto coas palabras que faltan.

bailar muller patas gargalladas
chea alegría noites maldade bruxa

O que si sabía todo o mundo era que as noites de lúa
_____ resoaban as _____ da _____ polo
bosque. A xente dicía que eran _____ de pura
_____, cando en realidade eran de _____,
porque a Avoa lagá era a única _____ no mundo que
tiña unha casa con patas para poder _____.

durante a lectura

1 **Contesta.**

Quen lle fixo o berce a Rufina cando naceu? _____

Que quería ser o avó de Rufina? _____

Que quere ser Rufina? Que fai? _____

Como se chama a muller da Casa de Palla?

Que pasou para que a muller se puxese de mal humor?

Que solución se lle ocorreu á muller?

Como se chaman as dúas cadelas en «Casa de Acollida»?

Que busca Rabiña? _____

De que está feita «A Casa refugallo»?

Como era a cancela en «A Casa con piscina»?

Que lle pasaba á piscina? Que quería o neno?

Onde foi o neno? _____

De que planeta veñen os visitantes en «A Casa das estrelas»?

Que é o que buscan?

Cal é o seu planeta? _____

En «A volta á casa» que é o que deixa ao lado da ventá?

2 **Localiza** as palabras que teñen relación co dormitorio.

garfo **almofada** **colcha** **colchón** escaleira
edredón **espertador** **lámpada** **manta** **percha**
contraventá **saba** valado coitelo **berce** **caixón**
cama poxigo **espello** **mesa de noite** lavalouzas

3 **Describe** un habitante do planeta Abeba.

4 **Selecciona** entre estas palabras as que corresponden coas seguintes definicións: *cancela, burato, peteiro, pucharca, vasoira, carraxe, lembranza, refugallo, monstro, débil e sardiña.*

Profunda irritación do ánimo producida por algún suceso adverso.

Que ten pouca forza ou resistencia, no sentido físico ou no moral.

Persoa ou animal fantásticos, con características anormais que, ás veces, resultan de combinar partes de animais distintos.

durante a lectura

5 **Indica** se son verdadeiros ou falsos os seguintes enunciados.

Rufina chamábase «A increíble Rufina» cando xogaba aos piratas. .



Chincha e Rabiña fixéronse moi amigas, inseparables.

A muller da Casa de palla non sabía o que era o medo.

Os habitantes do planeta Abeba queren conquistar a Terra.

O avó de Rufina fíxolle un berce cando naceu porque era carpinteiro.

6 **Atopa** as seis diferenzas.



7 **Imaxina** que es un pirata e vives unha aventura. **Fai** unha pequena redacción.

8

Explica o significado das seguintes palabras e **fai** unha oración con cada unha.

Furado: _____

Lixo: _____

Galpón: _____

Ouvear: _____

Espallar: _____

Pesadelo: _____

Renxer: _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____



• _____

• _____

• _____

despois da lectura

1 **Ordena** as ilustracións e **di** a que conto pertencen.



2 **Ponlle** outro final ao conto «A Casa de bonecas».

3 **Ponlle** outro final ao conto «A Casa de acollida».

4 **Continúa** a historia de «A Casa con piscina».

5 **Ponlle** outro título ao libro e **debuxa** outra portada.



despois da lectura

6 **Indica** as parellas de sinónimos.

ulir oír esnafrar cacholaoca persoa cabeza
baleira caer esperar ciscar agardar espallar
recender vivenda individuo escoitar casa

7 **Expresa** a túa opinión.

Se puideses escoller unha casa das do libro, cal escollerías?
Por que?

Cres nos extraterrestres, pode haber vida noutros planetas?

Que pensas de abandonar os animais de compañía? Faríalo?



Título da obra: _____

Autor ou autora: _____

Ilustrador ou ilustradora: _____

Colección: _____

Serie: _____

Editorial: _____

Número de páxinas: _____

■ Os protagonistas das historias: _____

Sobre o argumento

No libro vanse contando distintas _____ que teñen que ver cos tipos de _____ que existen. Hai tantas casas coma xente que vive nelas. Xa de inicio cóntasenos a _____ dunha casa que bota _____ porque non pode viaxar. A dona llello contos de _____ e ela recupérase. Kokirakosó é un _____ que vive moi ben coa súa casa ás costas. Na casa abandonada habita unha princesa que dorme. Alí chega o príncipe e ponse a _____. Cando ela esperta, _____ del aínda que estea todo _____. Había un home que quería voar e que non puido conseguilo. Construíu un _____ e foi feliz durmindo nel. Se te perdes no monte e atopas a señora Amparo, procura ser _____ e terlle respecto... Unha _____ de historias arredor das casas onde residimos.

A túa opinión persoal

- Que é o que máis che gustou?

- O que menos che gustou.

- Gústanche os finais? Explica por que.

- Valoración do libro: 1 2 3 4 5

- Recomendaríaslles este libro aos teus amigos? Explica por que.

Data da lectura: _____ Sinatura: _____